Aves Ártabras
Compartindo espazos

ASÍ COLABORA A PESCA

na conservación das aves mariñas

Grazas á colaboración dos profesionais da pesca, cada vez máis comprometidos coa conservación dos ecosistemas mariños, sabemos mellor como reducir o impacto das diferentes artes nas aves mariñas.

Estas solucións son ademais moi beneficiosas para o propio sector pesqueiro: grazas a elas acada maiores niveis de rendemento e sustentabilidade.

Arrastre



En ocasións, cando se reúnen centos de aves á popa dun barco de arrastre, algunha delas pode golpear contra un cable ou quedar atrapada na rede ao virar.

Cerco

Cando se pecha a rede, aves como pardelas e mascatos poden quedar atrapadas no copo mentres tentan capturar algún peixe. Este problema parece ser pouco frecuente en Galicia.

Palangre de fondo e palangrillo



No momento de largar a liña as aves, atraídas polo cebo, poden quedar atrapadas ou enganchadas nos anzois, e afundirse coa arte. Sucédelles sobre todo ás pardelas, mascatos e gaivotas. Isto pode supor a perda de cebo e capturas para os mariñeiros.

Redes fixas

Ao tentar coller un peixe capturado nestas redes, ou mentres pescan baixo a auga, as aves mergulladoras como corvos mariños, araos dos cons, arao carolos ou mobellas resultan enmalladas neste tipo de arte.

As solucións que se van identificando para afrontar estes problemas deben ser adaptadas a cada zona do mundo e a cada tipo de pesca. Segundo demostra a experiencia, as mellores son aquelas que combinan varias medidas. No caso de Galicia:

Solucións no palangre de fondo e palangrillo

Largar preferentemente de noite: as aves están menos activas.

Lastrar a liña con máis pesos, e de maior tamaño. Así afunde máis rápido e está menos tempo accesible para as aves.

Empregar cebos pouco atractivos para as aves.

Evitar calar cando hai moitas aves ao redor.

Evitar lanzar peixe ao mar antes, durante e despois das manobras de largar e virar a liña.

Reducir no posible o tempo de calado do palangre de superficie en horas de luz.

Solucións nas redes de enmalle

Como afectan de forma moi seria aos ameazados corvos mariños, convén largalas a boa distancia das súas colonias, durmidoiros, garderías (concentracións de exemplares novos ao final da tempada de cría, na primavera e verán) e zonas habituais de alimentación.

Se é posible, tentar poñelas a profundidades superiores aos 30 m.

Reducir no posible o tempo de calado da arte en horas de luz.

O embalo é unha técnica non permitida, pouco selectiva e de grande impacto nas aves mariñas.

Carrán crestado

GOBIERNO DE ESPAÑA · VICEPRESIDENCIA TERCERA DEL GOBIERNO · MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO
Fundación Biodiversidad
PROGRAMA pleamar
Unión Europea · Fondo Europeo Marítimo y de Pesca (FEMP)
INTEMARES
CEIDA · CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA